

## Unidade 7. Poesía

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Subliña o suxeito nas seguintes oracións.

- O regalo de teu pai era moi bonito.
- Moitos países do mar Mediterráneo son agrícolas.
- Os meus mellores amigos viven en Alemaña.
- No océano Atlántico practícase a pesca do bacallau.
- Agora moitas persoas novas emigran.
- Lois comprou un piso preto da praia.
- Roi e mais eu iremos de excursión mañá.
- Os nenos comen na escola.

### 2. Escribe o núcleo do suxeito e os complementos das oracións anteriores.

Núcleos: Regalo; países; amigos; pesca; persoas; Lois; Roi, eu.

Complementos: de teu pai; do Mar Mediterráneo; mellores; do bacallau; novas.

### 3. Rodea os suxeitos das seguintes oracións e di de que clase son.

- **Pedro e Xosé** pediron unha bolsa para ir estudar ao estranxeiro.

Suxeito léxico.

- Entendemos moi ben o que che pasou.

(Nós) Suxeito elíptico.

- Mandoume unha carta o mércores pasado.

(El) Suxeito elíptico.

- **O mestre de Sabela** quería falar co seu pai.

Suxeito léxico.

- O outro día fun ver a nova película de Almodóvar.

(Eu) Suxeito elíptico.

- **Elisa** encontrouse mal o luns pola tardiña.

Suxeito léxico.

- Fostes o domingo a Ourense?

(Vós) Suxeito gramatical.

- **As vacas do teu tío** estragaron todo o valado.

Suxeito léxico.

## Unidade 7. Poesía

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 4. Escribe a diérese nas palabras que o precisen.

sanguento                    **argüíamos**                    **lingüista**                    **lingüeta**  
pingue                        caiades                        piragua                        moíamos  
**bilingüe**                        agüia                        aguillón                        **antigüidade**

### 5. Conxuga o pretérito imperfecto ou copretérito de indicativo dos verbos seguintes. Coloca a diérese onde corresponda.

	<b>Argüir</b>	<b>Caer</b>	<b>Moer</b>
<b>Eu</b>	<b>Argüía</b>	<b>Caía</b>	<b>Moía</b>
<b>Ti</b>	<b>Argüías</b>	<b>Caías</b>	<b>Moías</b>
<b>El/ela</b>	<b>Argüía</b>	<b>Caía</b>	<b>Moía</b>
<b>Nós</b>	<b>Argüíamos</b>	<b>Caíamos</b>	<b>Moíamos</b>
<b>Vós</b>	<b>Argüíades</b>	<b>Caíades</b>	<b>Moíades</b>
<b>Eles/elas</b>	<b>Argüían</b>	<b>Caían</b>	<b>Moían</b>

### 6. Escribe o ditado.

A semana pasada moíamos no muíño de Águeda. Debes ter coidado coa ambigüidade das túas palabras. Pedro e mais eu somos bilingües de nacemento. Se non tedes coidado pode que caíades. Se o lavas en auga quente pode ser que mingüe ese xersei. Temos que contratar un lingüista rapidamente.

## Unidade 7. Poesía

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 7. Le o seguintes texto.

#### A LINGUA E OS DENTES

Había unha vez un rapaz que falaba tanto que todos dician: «Ese fala máis da conta».

—Que lingua! —suspíron os dentes un día. —Non para nunca.

—Que estades murmurando? Xa debíades saber, dentes, que a vosa única obriga é mastigar o que como. Entre nós non hai nada que teñamos en común. Queredes ocuparvos das vosas cousas?!

E o rapaz seguía a falar e a falar de cousas que non viñan a conto.

A lingua estaba feliz, pois así encontraba palabras novas.

Ata que un día o rapaz, despois de dicir unha parvada, permitiu á lingua dicir unha gran mentira, e os dentes, ben mandados á voz da xustiza, disparáronse a un tempo e mordérona.

A lingua volveuse vermella de sangue o rapaz morría de vergoña. Así a lingua tornouse temerosa e prudente.



Leonardo DA VINCI

### 8. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen son os protagonistas?

**Un rapaz, a lingua e os seus dentes.**

- Que ensinanza sacas desta fábula?

**Que antes de falar por falar hai que pensar senón é mellor calar.**